



Extraordinaria actuación do cazador galego na final de springer spaniel disputada o pasado fin de semana en Barracas (Castellón)

Victor Villar, novo Campión de España de cans levantadores

Victor Villar Fernández, da Selección Galega de Caza San Huberto, impúxose como Campión absoluto na final de springer spaniel, disputada o pasado fin de semana na localidade castellonense de Barracas. O cazador de Nigrán, de 22 anos, acompañado do can Júpiter Estrellas de Tebra, propiedade do escocés afincado en Tomiño (Pontevedra), David Andrew, debutaba este ano como deportista na modalidade e impoñíase como vencedor absoluto nas tres probas oficiais nas que participaba –campión provincial de Pontevedra, campión galego e finalmente campión de España-.

De espectacular foi calificada a súa actuación, con 87 puntos sobre 100, cun percorrido perfecto, cobrando 2 perdices aos 7 minutos de comezar a proba.



Este novo título valeulle a Villar Fernández para formar parte da Selección Española da modalidade, coa que competirá nos vindeiros días 16, 17 e 18 de outubro no Campionato do Mundo que se disputará en Serres (Grecia).

Na final de San Huberto masculina o campión foi o catalán Jordi Ametller, mentres que en Damas se impuxo a vasca Modes Iraola. As galegas Nicolasa González e Sandra Rodríguez facíanse ca nada despreciable sexta e sétima posición desta categoría, respectivamente.

Na semifinal, celebrada o sábado, o cazador de Riveira Eloy Rodríguez clasificábase o terceiro do campo E.

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com